

O abaixo asinante Rafael C. Sisto Edreira, alcalde do Concello de Teo, recibiu o 25 de setembro de 2019 o mandato do Pleno do Concello de Teo de asinar o **Pacto dos alcaldes sobre o clima e a enerxía**, a propósito dos compromisos que constan no [Documento do compromiso](#) oficial e que se sintetizan a continuación.

Polo tanto, esta Administración local comprométese basicamente a:

- Reducir as emisións de CO₂ (e, posiblemente, outras emisións de gases de efecto invernadoiro) no seu territorio nun 40 % como mínimo de aquí a 2030, en particular a través da mellora da eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovables.
- Aumentar a súa resiliencia mediante a adaptación ás repercusións do cambio climático.

Co fin de traducir tales compromisos en feitos, esta Administración local comprométese a seguir a seguinte formulación por etapas:

- Levar a cabo un **inventario de emisións de referencia** e unha **avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do cambio climático**.
- Presentar un **Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable** nun prazo de dous anos a partir da data da decisión do Concello.
- Elaborar un **informe de situación** polo menos cada dous anos a partir da presentación do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable con fins de avaliación, seguimento e control.

Acepto que se suspenda a participación desta Administración local na iniciativa, logo da notificación por escrito da Oficina do Pacto dos Alcaldes, en caso de non presentar os documentos mencionados —o Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable e os informes de situación— nos prazos establecidos.

Concello de Teo. Travesía da Ramallosa, nº 38. CP 15883. Teo

Rafael C. Sisto Edreira. Correo electrónico: alcaldia@teo.gal Teléfono: 981.815.700

SINATURA

